



Guía Docente				
Datos Identificativos			2017/18	
Asignatura (*)	TRABALLO FIN DE GRAO		Código	651G01034
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias Biomédicas, Medicina e Fisioterapia			
Coordinación	Souto Gestal, Antonio	Correo electrónico	antonio.souto@udc.es	
Profesorado	Aristin Gonzalez, Jose Luis	Correo electrónico	luis.aristin@udc.es	
	Barcia Seoane, Miriam		miriam.barcia.seoane@udc.es	
	Bello Rodriguez, Olalla		olalla.bello@udc.es	
	Carballo Costa, Lidia		lidia.carballo@udc.es	
	Chouza insua, Marcelo		marcelo.chouza@udc.es	
	Lista Paz, Ana		ana.lista@udc.es	
	López García, Asenet		asetnet.lopezg@udc.es	
	Martinez Bustelo, Sandra		s.martinez1@udc.es	
	Martinez Rodriguez, Alicia		alicia.martinez@udc.es	
	Meilán Devesa, José Ramón		jose.meilan@udc.es	
	Pardo Carballido, Carmen		carmen.pardo@udc.es	
	Paseiro Ares, Gustavo		gustavo.paseiro@udc.es	
	Patiño Nuñez, Sergio		sergio.patino@udc.es	
	Quintia Casares, Jose		jose.quintia@udc.es	
	Ramos Gómez, Fernando		fernando.ramos@udc.es	
	Raposo Vidal, Isabel		isabel.raposo.vidal@udc.es	
	Riveiro Temprano, Socorro		socorro.riveiro.temprano@udc.es	
	Rodriguez Romero, Beatriz		beatriz.romero@udc.es	
	Senin Camargo, Francisco José		francisco.senin@udc.es	
Souto Camba, Sonia	sonia.souto@udc.es			
Vivas Costa, Jamile	j.vivas@udc.es			
Web	http://www.ffisacademica.udc.gal/p/traballo-fin-de-grao.html			
Descrición xeral	A materia Traballo Final de Grado (en diante, TFG) é de tipo obligatoria e supón unha carga total de 6 ECTS que planificados con carácter xeral no 2º cuatrimestre do 4º curso do plano de estudos do Título de Grao en Fisioterapia. A UDC establece que o/a estudante pode matricularse da materia TFG a condición de que lle resten un máximo de 78 créditos para finalizar os seus estudos, incluídos os créditos correspondentes á materia Traballo Fin de Grao. Para a defensa e cualificación do TFG é imprescindible que o/a estudante superase a totalidade do ECTS da titulación, a excepción do propio TFG. A materia TFG supón a realización, de forma individual por parte de cada estudante, baixo a supervisión dun director/a asignado polo Centro, dalgunha das actividades descritas no punto 2.5 do Regulamento de TFG da Facultade de Fisioterapia da UDC (a saber, Revisión bibliográfica, Proxecto de investigación, Traballo de investigación, Caso clínico real ou experiencia de Aprendizaxe e servizo). O TFG debe de ser un reflexo dos coñecementos e competencias adquiridas polo/a estudante no período de docencia do Grao en Fisioterapia. Ditas competencias aparecen recollidas na ORDE *CIN/2135/2008, de 3 de xullo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de fisioterapeuta.			



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Conocer y comprender la morfología, la fisiología, la patología y la conducta de las personas, tanto sanas como enfermas, en el medio natural y social.
A2	Conocer y comprender las ciencias, los modelos, las técnicas y los instrumentos sobre los que se fundamenta, articula y desarrolla la fisioterapia.
A3	Conocer y comprender los métodos, procedimientos y actuaciones fisioterapéuticas, encaminados tanto a la terapéutica propiamente dicha a aplicar en la clínica para la reeducación o recuperación funcional, como a la realización de actividades dirigidas a la promoción y mantenimiento de la salud.
A14	Incorporar los principios éticos y legales de la profesión a la práctica profesional así como integrar los aspectos sociales y comunitarios en la toma de decisiones.
A15	Participar en la elaboración de protocolos asistenciales de fisioterapia basada en la evidencia científica, fomentando actividades profesionales que dinamicen la investigación en fisioterapia.
A17	Comprender la importancia de actualizar los conocimientos, habilidades, destrezas y actitudes que integran las competencias profesionales del fisioterapeuta.
A19	Comunicarse de modo efectivo y claro, tanto de forma oral como escrita, con los usuarios del sistema sanitario así como con otros profesionales.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, en las lenguas oficiales de la comunidad autónoma.
C2	Dominar la expresión y la comprensión de forma oral y escrita de un idioma extranjero.
C3	Utilizar las herramientas básicas de las tecnologías de la información y las comunicaciones (TIC) necesarias para el ejercicio de su profesión y para el aprendizaje a lo largo de su vida.
C4	Desenvolverse para el ejercicio de una ciudadanía abierta, culta, crítica, comprometida, democrática y solidaria, capaz de analizar la realidad, diagnosticar problemas, formular e implantar soluciones basadas en el conocimiento y orientadas al bien común.
C6	Valorar críticamente el conocimiento, la tecnología y la información disponible para resolver los problemas con los que deben enfrentarse.
C7	Asumir como profesional y ciudadano la importancia del aprendizaje a lo largo de la vida.
C8	Valorar la importancia que tiene la investigación, la innovación y el desarrollo tecnológico en el avance socioeconómico y cultural de la sociedad.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Capacidade para a adecuada comprensión e expresión, oral e escrita, nas linguas oficiais da Comunidade autónoma ou lingua inglesa, de contidos e informes dentro do contexto científico técnico propio da súa disciplina.	A19		C1
			C2
			C6
Capacidade para empregar un vocabulario técnico axeitado propio da Fisioterapia.	A19		C1
			C2
Capacidade para estruturar, analizar, razoar criticamente, sintetizar e presentar ideas e teorías complexas.	A1		C4
	A2		C6
	A3		
Capacidade para traballar con responsabilidade, de forma organizada e planificada, incorporando os principios éticos e legais da profesión	A14		C7
Dominio das ferramentas básicas das TIC e fontes de documentación propias do ámbito sanitario e en concreto de Fisioterapia.	A15		C3
	A17		
Capacidade para xestionar a información e o coñecemento no seu ámbito disciplinar.	A1		C8
	A2		
	A3		
	A17		
Desenvolvemento de habilidades básicas de investigación.	A14		C7
	A15		C8
	A17		



Contidos	
Temas	Subtemas
O Traballo Fin de Grao pode adoptar algunha das seguintes modalidades: 1. Revisión bibliográfica: esta modalidade pretende describir de forma actualizada o estado de coñecemento dun ámbito concreto da realidade de investigación sanitaria. 2. Proxecto de investigación: o propósito é achegar información útil e aplicable para o desenvolvemento dun proxecto de investigación novo. 3. Traballo de investigación: o obxectivo será comunicar os resultados orixinais derivados do proceso de investigación levado a cabo polo/a estudante. Aceptaríase dentro desta modalidade de TFG a realización dun estudo piloto. 4. Caso clínico real: implica a exploración, intervención e seguimento dun caso clínico real, onde o/a estudante poida pór de manifesto as competencias adquiridas ao longo do seu proceso formativo. 5. Experiencia de Aprendizaxe e servizo: é unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto ben articulado onde os participantes aprenden ao traballar en necesidades reais da contorna coa finalidade de melloralo. En definitiva, a aprendizaxe-servizo é un método para unir o compromiso social coa aprendizaxe de coñecementos, habilidades, actitudes e valores. Aprender a ser competentes sendo útiles aos demais. (http://www.udc.es/ocv/aprendizaxe_servizo/) Á súa vez, o tema do Traballo Fin de Grao poderá ser elixido libremente polo/a estudante, a condición de que faga referencia a algún dos contidos formativos incluídos nas materias do plan de estudos do Título de Grao en Fisioterapia, en consonancia coas competencias recollidas na ORDE CIN/2135/2008, de 3 de xullo. No entanto, a efectos organizativos, propoñense as liñas de traballo que figuran a continuación:	1. Fisioterapia Neurolóxica. 2. Fisioterapia Deportiva. 3. Diagnóstico e intervención fisioterápica nas principais disfuncións do complexo nocello-pé: fiabilidade, validez e eficacia. 4. Análise biomecánica do movemento. Rehabilitación da marcha en problemas neurolóxicos. Control motor. Exercicio físico e lesións deportivas. 5. Manexo da evidencia científica en Fisioterapia. Nutrición en Fisioterapia. 6. Fisioterapia nos maiores. 7. Fisioterapia respiratoria nas enfermidades do sistema respiratorio e outros procesos clínicos. 8. Fisioterapia Obstétrica e uroginecolóxica 9. Fisioterapia na prevención da enfermidade e promoción da saúde. 10. Fisioterapia en Traumatoloxía. 11. A nális biomecánico do movemento. 12. Tratamento 3D da escoliose a través do método FED. 13. Fisioterapia nas disfuncións do sistema neuro-músculo-esquelético. 14. Fisioterapia nas patoloxías relacionadas cos linfedemas e problemas vasculares. 15. Efectos neurofisiolóxicos da Terapia Manual. 16. Sistema nervioso periférico. 17. Novas estratexias terapéuticas na avaliación e tratamento da enfermidade de Parkinson. Avaliación neurofisiolóxica da fatiga do sistema motor. 18. Epidemioloxía, prevención e tratamento activo da dor músculo-esquelético (DME). Impacto do DME na calidade de vida relacionada coa saúde (CVRS). 19. Disfunción da articulación témporo-mandibular. 20. Análise morfofuncional do sistema músculo-esquelético mediante ecografía. Fisioterapia nas disfuncións do sistema neuro-músculo-esquelético. 21. Electroterapia en Fisioterapia. 22. Rehabilitación acuática. Neurociencia aplicada á rehabilitación. 23. Intervención fisioterápica en nenos con patoloxía neurolóxica



A materia Traballo fin de Grao ten asignados 6 créditos ECTS, equivalentes a 150 horas de traballo do/a estudante.

A actividade presencial está representada por 13 horas distribuídas da seguinte maneira:

- 2 horas corresponden ao seminario inicial co responsable académico da materia onde se explican os distintos procedementos relacionados coa materia (elección do director, regulamento, modalidades de traballo, entrega do TFG,...) e acláranse todas as dúbidas que poidan xurdir.
- 10 horas distribuídas ao longo do segundo cuatrimestre destinaranse ás reunións presenciais co titor, para realizar un adecuado seguimento do TFG.
- 1 hora corresponde á presentación oral e defensa do TFG ante o Tribunal de avaliación.

As 137 horas restantes corresponden ao traballo non presencial por parte do estudante: selección do tema, cronograma de traballo e elaboración do TFG e preparación da súa presentación e defensa

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Presentación oral	A1 A2 A3 A19 C1 C2 C3 C6 C8	1	9	10
Actividades iniciais	C7	2	0	2
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A14 A15 A17 A19 C1 C2 C3 C4 C6 C7 C8	0	128	128
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, formulando cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. O alumno realizará unha defensa do seu Traballo fin de grao ante un Tribunal composto por 3 membros: Presidente, Secretario e Vogal. A súa exposición terá unha duración máxima de 10 minutos transcorridos os cales quedará a disposición do Tribunal para aclarar, responder ou afondar en todas aquelas cuestións que se lle soliciten.



Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado. A finalidade deste seminario de 2 horas de duración é dar a coñecer aos estudantes matriculados o Regulamento de elaboración do TFG, a temporalización e datas relevantes, o proceso de solicitude de director/a e de elección da temática concreta, as diferentes modalidades posibles, o sistema e criterios de avaliación, así como dar resposta as posibles dúbidas con respecto á materia. Este seminario será impartido polo profesor responsable da xestión académica da materia TFG, neste caso o Secretario/a Académico/a.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do "como facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor. Á súa vez, a metodoloxía traballo tutelado pode incluír o emprego, illado ou combinado, doutras metodoloxías docentes como Análise de fontes documentais, aprendizaxe e servizo ou práctica clínica, en función da modalidade de traballo seleccionado. A cada alumno asignaráselle un director/a para a elaboración do seu Traballo fin de Grao (TFG). O devandito tutor encargárase de asesorar o estudante así como de realizar un seguimento do seu traballo comprobando que adquire as competencias inherentes a este, e que cumpre cos requisitos especificados na normativa. Unha vez o alumno finaliza o seu TFG, o director/a deberá emitir un informe favorable para que poida solicitar a súa defensa ante o Tribunal de avaliación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Presentación oral	Para a súa realización é importante consultar co/a director/a os avances que se vaian acadando progresivamente para recibir as orientacións necesarias en cada caso, asegurando a calidade dos traballos de acordo aos criterios establecidos. O seguimento farase preferentemente de forma individualizada mediante tutorías virtuais ou presenciais.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A14 A15 A17 A19 C1 C2 C3 C4 C6 C7 C8	Elaboración e presentación, en tempo e forma, dunha memoria do Traballo de Fin de Grao, consistente nun exercicio de integración dos contidos formativos recibidos e as competencias adquiridas.	70
Presentación oral	A1 A2 A3 A19 C1 C2 C3 C6 C8	Presentación e defensa ante o Tribunal universitario dun traballo fin de grao, consistente nun exercicio de integración dos contidos formativos recibidos e as competencias adquiridas.	30

Observacións avaliación



A avaliación da presentación oral e posterior defensa do Traballo Fin de Grao será realizada polo tribunal designado, representando un 30% da cualificación final. Da mesma forma, este tribunal emitirá unha calificación da memoria do Traballo Fin de Grao que representará o 40% da cualificación final. Ambas calificacións deberán ser motivadas.

O restante 30%, corresponde coa cualificación emitida polo director/a do Traballo Fin de Grao no momento do seu depósito, para o cal deberá empregar o modelo de informe do director/a facilitado por parte da Secretaría Académica. Tal cualificación deberá ser motivada, e valorará tanto a calidade final do Traballo Fin de Grao presentado como a avaliación continuada do/a estudante.

Os requisitos para a matrícula e a defensa do TFG estarán en todo caso determinados pola normativa vixente que adopte a Universidade.

Fontes de información

Bibliografía básica	- [CONSORT Group.] Schulz KF, Altman DG, Moher D (2010). CONSORT 2010 Statement: Updated guidelines for reporting parallel group randomised trials.. J Clin Epidemiol. 2010 Aug;63(8):834-40 - [PRISMA Group] Moher D, Liberati A, Tetzlaff J, Altman DG (2009). Preferred reporting items for systematic reviews and meta-analyses: the PRISMA statement.. J Clin Epidemiol. 2009 Oct;62(10):1006-12 - [CARE Group] Gagnier JJ, Kienle G, Altman DG, Moher D, Sox H, Riley D (2014). The CARE guidelines: consensus-based clinical case report guideline development.. J Clin Epidemiol. 2014;67(1):46-51 - Gómez-Conesa, A. (2012). Escala PEDro (traducción y adaptación española). https://www.pedro.org.au/wp-content/uploads/PEDro_scale_spanish.pdf - Renart Pita MA (2004). Escribir en Ciencias Biomédicas. Madrid: Aran Ediciones - Day, Robert A (2008). Cómo escribir y publicar trabajos científicos. Washington : Organización Panamericana de la Salud - Martín Vivaldi, Gonzalo (1993). Curso de redacción del pensamiento a la palabra : teoría y práctica de la composición y del estilo . Madrid : Paraninfo - Vallejo-Nájera, Juan Antonio (2010). Aprender a hablar en público hoy : cómo cautivar y convencer por medio de la palabra . Barcelona : Planeta - García JA, Ponce F, Ramírez Y, Lino L. (2011). Introducción a la metodología de la investigación en ciencias de la salud. Madrid: McGraw-Hill - Polgar, Stephen. (2014). Introducción a la investigación en ciencias de la salud. Barcelona : Elsevier - Ruiz Morales A, Morillo Zárate LE. (2004). Epidemiología clínica: investigación clínica aplicada. Ed. Bogotá: Médica Internacional - Argimon Pallás JM, Jiménez Villa J. (2013). Métodos de investigación clínica y epidemiológica. Ed. Barcelona: Elsevier - Hulley, SB. et al. (2014). Diseño de las investigaciones clínicas. Ed. Barcelona: Lippincott Williams and Wilkins - José Luís R. Martín, Aurelio Tobías Garcés, Teresa Seoane Pillado (2006). El concepto salud a través de la síntesis de la evidencia científica. Toledo : FISCAM - González IF, Urrútia G, Alonso-Coello P. (2011). Revisiones sistemáticas y metaanálisis: bases conceptuales e interpretación. Revista Española de Cardiología 64(8):688-696 - Serrano Gallardo, P (2012). Trabajo fin de grado en ciencias de la salud. Madrid : DAE
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

DOCUMENTACIÓN E ESTADÍSTICA SANITARIA/651G01028

ESTANCIAS CLÍNICAS I/651G01035

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

ESTANCIAS CLÍNICAS II/651G01036

Materias que continúan o temario

Observacións



Os requisitos para a matrícula e a defensa do TFG estarán en todo caso determinados pola normativa vixente que adopte a Universidade. Actualmente, a UDC establece que o/a estudante pode matricularse da materia TFG a condición de que lle resten un máximo de 78 créditos para finalizar os seus estudos, incluídos os créditos correspondentes á materia Traballo Fin de Grao. Para a defensa e cualificación do TFG é imprescindible que o/a estudante superase a totalidade do ECTS da titulación, a excepción do propio TFG. Para poder presentar e defender o TFG ante o Tribunal avaliador o/a estudante deberá ter superado todas as materias da titulación, a excepción da propia materia Traballo Fin de Grao.

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías